



Retraso nunha proba de imaxe no Servizo de Radiodiagnóstico do CHUAC

Expediente: I.5.Q/238/20

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2020

Estimado Sra.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente ao Retraso nunha proba de imaxe no Servizo de Radiodiagnóstico do seu complexo hospitalario.

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que :

Estaba en lista de espera para realizar unha “telemetría Rayos X de rodillas” desde o 16 de agosto de 2019, para poder ser intervida.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información a Consellería de Sanidade que xa nola remitiu. No informe achegado por dita consellería indícase esencialmente o seguinte:

“En relación coa queixa presentada ante esa Institución, e unha vez recibida información previa da Xerencia da Área Sanitaria compre informar que a proba diagnóstica obxecto da reclamación consta programada para o 11 de febreiro.”

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa, da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer a seguinte consideración:

Aínda que na actualidade non existen uns prazos definidos legalmente para este tipo de probas diagnósticas, nas que a prioridade de acordo cos criterios establecidos no artigo 5 da

lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias é III, este prazo ten que ser razoable.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, lle comunicamos que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo